

Postais electrónicas e SMS para achegar o galego a novos espazos de uso entre os escolares

A Coordinadora Galega de ENDL pon en marcha dúas actividades para potenciar o galego entre os máis novos apostando pola promoción da lingua dun xeito lúdico a través das novas tecnoloxías.

A elaboración de postais electrónicas e SMS de felicitación por parte do alumnado complétase cunha páxina web de recursos didácticos sobre o nadal que tenta paliar a escaseza de materiais existentes para traballar en galego nas aulas, situación da que é responsable a administración autonómica.

A Coordinadora Galega de ENDL vén de poñer en marcha dúas novas iniciativas que teñen como obxectivo fomentar a lingua galega entre a comunidade escolar unindo as novas tecnoloxías e o nadal ao tempo que se potencia a creatividade do alumnado. Aproveitando que nestas datas os centros educativos, especialmente os de Infantil e Primaria, preparan múltiples actividades relacionadas co nadal, a CGENDL deseñou unha páxina web (<http://www.coordinadoraendl.org/nadal2010>) que recolle as postais feitas polos escolares, ás que calquera usuario da rede pode engadir o seu propio texto para enviar en formato dixital directamente por medio da rede.

Por outra banda, a Coordinadora premiará as mellores mensaxes SMS de felicitación de Nadal e Ano Novo nun concurso no que o alumnado porá a proba o seu enxeño nunha linguaxe que domina e que o identifica, o das mensaxes abreviadas. Os participantes dispoñen tamén dun dicionario galego de SMS ao que poderán engadir novos termos. O prazo para o envío e votación pública das mensaxes rematará o 2 de xaneiro.

Por outra banda, o colectivo reitera a súa fonda preocupación ante a alarmante carencia de materiais educativos en lingua galega, tanto no ámbito estritamente curricular coma nos formatos máis lúdicos, así como en todo o relacionado coas novas tecnoloxías. Por iso, a Coordinadora vén de poñer a disposición do profesorado unha completa selección de recursos sobre o Nadal, elaborados maiormente por docentes, que inclúe unidades didácticas, actividades interactivas, panxoliñas, textos teatrais, contos, catálogos de agasallos en galego, etc. As máis de 6000 visitas que recibiu este espazo didáctico desde que foi posto en marcha o pasado venres evidencian as necesidades que teñen os docentes á hora de traballar en galego nas aulas, de aí que a CGENDL emprace á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Consellería de Educación a remediar con urxencia esta precaria situación da que son responsables.